

## **5 Urbanismo, obras e servizos**

### **5.1 Resolución de expedientes de contratación**

5.1.1 Resolución do expediente de contratación da obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana”

Mediante a providencia do 10 de novembro de 2009, o alcalde dispuxo iniciar o expediente para contratar a obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana”. Na providencia motivaba a necesidade e a idoneidade da contratación.

Está incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

O alcalde, na Resolución núm. 351/2009, do 11 de novembro, aprobou o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas e declarou o procedemento negociado, por tramitación urxente, para adxudicar esa obra. Na mesma resolución autorizou o gasto.

Consta no expediente o certificado de ofertas que presentaron as empresas invitadas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 30.11.2009, adxudicoulle provisionalmente a obra á empresa Espina y Delfín, S.L., polo prezo de 105048,50 € (90559,05 € de base e 14489,45 € de IVE).

O concello publicou no Perfil do contratante o acordo da adxudicación provisional, notificoulle ese acordo á empresa adxudicataria e requiríuna para que presentase a documentación que xustificase que estaba ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e para que presentase a garantía definitiva.

A empresa adxudicataria provisional do contrato presentou a garantía definitiva por importe de 4527,95 € e a documentación que o concello lle requiriu no acordo da adxudicación provisional.

Os membros da Xunta de Goberno Local ACORDAN, por unanimidade e de conformidade co artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público:

1 Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana” que acordou a Xunta de Goberno na sesión do 30.11.2009. O prezo do contrato é de 105048,50 € e a obra ten un prazo de execución de 3 meses.

2 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.441.9C.601.00 do orzamento municipal.

3 Notificarlle este acordo á empresa Espina & Delfín, S.L., adxudicataria do contrato, e citala para asinar o contrato no prazo de 5 días hábiles, contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

4 Publicar no Perfil do contratante a adxudicación definitiva do contrato da obra “Instalación de canos de abastecemento, saneamento e pluviais na rúa Aduana”.

5 Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.